

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

IES PUGA RAMÓN (A CORUÑA)



ÍNDICE

1. Descrición sociolingüística do Centro
2. Finalidade do Proxecto Lingüístico
3. Distribución do emprego das linguas nas diferentes áreas.
4. Seccións bilingües (inglés)
5. Medidas de apoio e reforzo
6. Outras medidas de apoio ao PL
 - 6.1 Proxecto lector
 - 6.2 Plano de fomento do uso do galego
7. Plano de acollida ao alumnado inmigrante
8. Anexos
 - I . Enquisa sobre a situación sociolingüística do centro
 - II. Medidas de reforzo nas áreas lingüísticas para o curso 2012-13
 - III. Plano de fomento do uso do galego
 - IV. Addenda

No presente Proxecto Lingüístico analizamos a realidade lingüística do IES Puga Ramón co obxecto de establecer en primeiro lugar as linguas que se

deben empregar nas diferentes materias impartidas no centro e, a continuación as medidas de apoio que se deben adoptar para o alumnado sen suficiente dominio das linguas. Incluímos tamén as liñas de actuación deseñadas polo noso Centro para o fomento da lingua galega.

1. Descrición sociolingüística do Centro

O IES Rafael Puga Ramón é un centro público dependente da Deputación de A Coruña. Atópase nun barrio urbano, entre a estación de tren e a de autobuses. Trátase dunha zona que nos últimos anos experimentou cambios importantes pola construción de novas vivendas e o conseguinte aumento de poboación. O nivel socioeconómico da meirande parte das familias correspóndese co da clase media.

É un IES que imparte as ensinanzas de 1º e 2º ciclo da ESO e os Bacharelatos de Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais.

Ao longo do curso 2011-2012 realizáronse diversas enquisas sobre o emprego das diferentes linguas (véxase Enquisa Anexo I) ao que hai que engadirllas os datos da observación directa por parte do Equipo de Dinamización da Lingua sobre o uso do idioma no Centro.

Analizouse a situación da lingua en aspectos da vida diaria que non teñen que ver coa actividade docente, neste caso a través da observación directa.

Canto á documentación administrativa xerada no centro, a presenza do galego é moderada. Agora ben, o galego é a lingua empregada nos diferentes avisos que o centro dirixe ás familias do alumnado e tamén está presente na páxina web deste.

Na rotulaxe das diferentes dependencias coexisten galego e castelán, con total normalidade, e o mesmo ocorre con respecto ao taboleiro da ANPA.

Na Biblioteca a dotación de fondos en lingua galega é moi ampla e o galego tamén está presente na pantalla informativa da entrada que actúa como taboleiro.

Pese a todo o anterior, o emprego do galego nas interaccións co alumnado e as familias en contextos informais por parte do persoal do Centro é escaso.

A análise de todos estes apartados permite concluír que o contorno sociolingüístico do IES Puga Ramón é un contorno con predominio do castelán no que a presenza do galego necesita potenciarse.

2. Finalidade do Proxecto Lingüístico

O proxecto lingüístico de centro é un documento que vén referido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, coa finalidade de recoller todos aqueles aspectos que teñen que ver co desenvolvemento das competencias en cada unha das linguas a estudar nos centros de secundaria desta comunidade.

Inclúe aqueles aspectos aos que obriga o decreto citado anteriormente e o acordado polos órganos competentes naqueles outros casos nos que se toman decisións por vontade da comunidade educativa.

O obxectivo central do proxecto é garantir que o alumnado adquira unha competencia lingüística plena nas dúas linguas oficiais e para iso é importante que se acade o máximo equilibrio posible no número de horas a impartir nas dúas lingua.

Outro dos obxectivos é a adquisición dun coñecemento efectivo en linguas estranxeiras, dentro do marco de promoción do plurilingüismo en Galicia.

E, por último, pero non por iso menos importante, a promoción da dinamización da lingua galega no noso Centro.

3. Distribución do emprego das linguas nas diferentes áreas.

No apartado a) do antedito decreto dise que se fará constar “ *a decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato*”.

É competencia dos centros , unha vez excluídas a materias que por lei deben impartirse nunha determinada lingua (en galego Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias da Natureza e Bioloxía e Xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e Química), decidir cales son as materias que se van impartir en castelán e cales en galego. Quedan excluídas deste apartado as linguas que serán cursadas “*nas linguas de referencia*” (artigo 7º,ap.2)

A efectos de tomar estes acordos, réunese o Consello Escolar en sesión ordinaria o día 28 de xuño de 2010 e analiza a proposta levada desde a Comisión de Coordinación Pedagóxica; feitos os axustes que aseguren o equilibrio entre ambas as dúas linguas en todas as opcións que os alumnos puideran elixir, mesmo nos diferentes itinerarios de bacharelato queda como se describe a continuación nas seguintes táboas:

1º ESO		
MATERIA	LINGUA	HORAS SEMANAIS
Xeografía e Historia	Galega	3
Matemáticas	Castelá	5
Bioloxía e Xeoloxía	Galega	4
L. Galega e Literatura	Galega	4
Lingua Castelá e Literatura	Castelá	4
Inglés e POI	Inglesa	3
Francés e POF	Francesa	2
Titoría	Castelá	1
Educación Física	Castelá	2
Ed. Plástica e visual	Galega	2
Relixión	Castelá	1
Valores Éticos	Galega	1
Proxecto Interdisciplinar	Castelá Inglesa (Sec bilingüe)	1

Galego:14

Castelá: 14

Inglés 3+ S. Bilingüe

Francés: 2

2º ESO		
Materia	Lingua	Horas Semanais
Xeografía e Historia	Galega	3
Matemáticas	Castelá Inglesa (s. Bilingüe)	5
Física e Química	Castelá	3
Lingua Galega e Literatura	Galega	3
Lingua Castelá e Literatura	Castelá	3
Inglés e POI	Inglesa	3
Francés e POF	Francesa	2
Educación Física	Galega	2
Tecnoloxía	Castelá	3
Relixión	Galega	1
Valores Éticos	Galega	1
Titoría	Galega	1
Música	Galega	2
Oratoria	Castelá/ Galega segundo a dispoñibilidade dos Departamentos	1

Galego:13/14

Castelá: 14/15

Inglés 3+ S. Bilingüe

Francés 2

3º ESO		
Materia	Lingua	Horas Semanais
Xeografía e Historia	Galega	3
Matemáticas: académicas e aplicadas	Castelá	4
Bioloxía e Xeoloxía	Galega	2
Física e Química	Castelá	2
Lingua Galega e Literatura	Galega	3
Lingua Castelá e Literatura	Castelá	3
Inglés e POI	Inglesa	3
Música	Galega	2
Titoría	Castelá	1
Educación Física	Galega	2
Educación Plástica e visual	Galega	2
Relixión	Castelá	1
Valores Éticos	Galego	1
Tecnoloxía	Castelá Inglés (S. Bilingüe)	2
Francés	Francés	2
Cultura Clásica	Castelá	2

Galego: 15

Castelá: 15

Inglés 3+ S. bilingüe

Francés:2

4º ESO			
TIPO DE MATERIA	MATERIA	LINGUA	HORAS SEMANAIS
Troncais Obrigatorias	Xeografía e Historia	Galega	3
	Lingua Galega e Literatura	Galega	3
	Lingua Castelá e Literatura	Castelá	3
	Inglés e POI	Inglesa	3
	Matemáticas: académicas e aplicadas	Castelá	4
Obrigatoria	Titoría	Galega	1
Troncais opción académico It.1	Bioloxía e Xeoloxía	Galega	3
	Física e Química	Castelá	3
Troncais opción académico It.2	Economía	Galega	3
	Latín	Castelá	3
Troncais opción aplicadas It.1	Inic. Activ. Empr.e Empres.		3
	Cienc. Aplic. Á Activ Profes		3
Troncais opción aplicadas It.2	Tecnoloxía	Castelá	3
	Inic. Activ. Empr.e Empres		3
Troncais opción aplicadas It.3	Tecnoloxía	Castelá	3
	Cienc. Aplic. Á Activ Profes		3
Específicas obrigatorias	Relixión	Galego	1
	Valores Éticos	Galego	1
	Educación Física	Castelá	2
Específicas optativas	Educación Plástica	Galega	3
	Cultura Científica	Galego	3
	Filosofía	Castelá	3
	Cultura Clásica	Castelá	3
	TIC	Castelá	3
	Música	Galega	3
	Francés	Francés	3

Obrigatorias: Galego 7; Castelá 7

Troncais opción académico It 1: Castelá 3; Galego 3

Troncais opción académico It2: Castelá 3; Galego 3

Troncais opción aplicada it1:

Troncais opción aplicada it2:

Troncais opción aplicada it3:

Específicas obrigatorias: Castelá 2; Galego 2

Específicas optativas Castelá 9; Galego 9; Francés 3

1º BACH			
TIPO DE MATERIA	MATERIA	LINGUA	HORAS
TRONCAIS OBRIGATORIAS	Filosofía	Galega	3
	L.Castelá	Castelá	3
	L.Galega	Galega	3
	L.Estranxeira	Inglés	3
TRONCAIS DE OPCIÓN	Matemáticas	Castelá	4
	Física e Ouímica	Castelá	4
	Debuxo	Galega	4
	Bioloxía e Xeoloxía	Galega	4
	Historia	Galega	4
	Latín/ Mat CCSS I	Castelá	4
	Grego I/Economía	Galega	4
	Lit.Universal	Castelá	4
ESPECÍFICAS	Tec. Industrial	Castelá	3
	Anatomía	Galega	3
	Francés	Francés	2
	C.Científica	Galega	2
	TIC I	Castelá	2
	Relixión	Castelá	1
	Educación Física	Galega	2
	Latín	Castelá	4
	Debuxo Técnico	Galega	4
LIBRE CONFIGURACIÓN	Antropoloxía	Castelá	2
	Fundamentos de Comunicación	Galega	1

Troncais obrigatorias: Galego 6; Castelá 3; Inglés 3

Troncais de opción: Galego 16; Castelá 16

Específicas: Galego 11; Castelá 10; Francés 2

Libre configuración: Galego 1/2; Castelá 3/4

TOTAL: Galego: 34/35; Castelá 32/33

2º BACH			
TIPO DE MATERIA	MATERIA	LINGUA	HORAS
TRONCAIS OBRIGATORIAS	Historia	Galega	3
	I.Castelá	Castelá	3
	L.Galega	Galega	3
	L.Estranxeira	Inglés	3
TRONCAIS DE OPCIÓN	Matemáticas II	Castelá	4
	Física	Castelá	4
	Química	Castelá	4
	Debuxo Técnico II	Galega	4
	Bioloxía	Galega	4
	Xeoloxía	Galega	4
	Latín II/ Mat CCSS II	Castelá	4
	Xeografía	Galega	4
	Hª Filosofía	Castelá	4
	Hª Arte	Castelá	4
	Economía	Galega	4
	ESPECÍFICAS	Econ. da Empresa	Galega
MatemáticasCCSSII/Latín		Castelá	4
Francés		Francés	3
C.Terra		Galega	3
Fund. Admin. E Xest		Galega	3
TIC I		Castelá	3
Psicoloxía		Castelá	3
Relixión		Galega	1
LIBRE CONFIGURACIÓN	MEN	Castelá	2
	EFD	Galega	2
	Ref. L Castelá	Castelá	1
	Ref. L. Galega	Galego	1
	Ref. Matem./Ref.Latín	Castelá	1

Troncais: Galega 6; Castelá 3; Inglés 3

Troncais de opción: Galega 20; Castelá 24

Específicas: Galega 11; Castelá 10; Francés 3

Libre Configuración:Galega 3; Castelá 4

Total: Galega 40; Castelá 41; Inglés 3; Francés 3

4. Seccións bilingües (inglés)

No capítulo IV do Decreto 79/2010 para o Plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia estableceuse a conveniencia do fomento da aprendizaxe do inglés permitindo aos centros ofrecer ata un tercio do seu horario lectivo semanal nesta lingua. A importancia que no mundo actual ten o coñecemento de outras linguas fai que o potenciar o seu estudo sexa unha demanda da sociedade e, como non, das familias dos nosos alumnos. Por todo isto, este centro nunha reunión extraordinaria do claustro o día 19 de maio do 2011 aprobou o establecemento de seccións bilingües e este mesmo asunto tratouse nunha reunión extraordinaria do Consello Escolar o día 23 de maio do 2011 onde tamén foi aprobado.

Tras os trámites preceptivos a Consellería autorizou dúas seccións bilingües en lingua inglesa, unha na materia de Proxecto Interdisciplinar en 1º curso da ESO e outra na área de Física e Química de 3º da ESO.

Posteriormente incrementáronse outras dúas seccións bilingües para o curso 2012-13: audiovisuais en 2º ESO e Física e Química en 4º ESO.

No curso 2015-2016 cambiouse a sección bilingüe de 3º da ESO de Física e Química por unha de Tecnoloxía. Así mesmo, no curso 2016-2017 solicítase a modificación da sección bilingüe de audiovisuais de 2º da ESO por unha de matemáticas e o cambio da sección bilingüe de Física e Química de 4º da ESO por outra na materia de Valores Éticos

5. Medidas de apoio e reforzo.

No apartado b) do mesmo artigo 14º recolle *“as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida*

seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten ". A tal efecto, recollemos non só as medidas tomadas polos diferentes departamentos de lingua, senón tamén todas as actividades que contribúan á mesma finalidade. O IES Puga Ramón dispón das seguintes medidas de reforzo que poden variar dependendo das necesidades do alumnado e da disponibilidad horaria do profesorado.

- Reforzos para o alumnado con materias pendentes de cursos anteriores.
- Desdobramentos en Lingua Castelá, Lingua Galega e Inglés
- Reforzo de lingua inglesa para o alumnado de Seccións Bilingües.
- Clases de apoio para o alumnado exento de Francés.
- Atención individualiza para alumnado con NEE.
- Prácticas orais de inglés e francés.

Para as medidas de apoio e reforzo específicas para o presente curso véxase

Anexo II

6. Outras medidas de apoio ao PLC

6.1 O proxecto lector

O dominio da lingua e o desenvolvemento das competencias que se relacionan con ela conta coa lectura como ferramenta que axuda non só á aprendizaxe do código na súa modalidade oral senón tamén na escrita, á ampliación do vocabulario, ao desenvolvemento da imaxinación e á capacidade de comprensión, é por esa razón que os obxectivos do Proxecto Lector están intimamente relacionados con aqueles que configuran o núcleo central das linguas.

Tal e como se recollen, gran parte dos obxectivos do Proxecto Lector son perfectamente asumibles cos presentados polos departamentos de lingua: desenvolver e consolidar o hábito lector no alumnado, fomentar o interese pola lectura como alternativa de lecer, desenvolver a competencia comunicativa do alumnado, isto é, mellorar a súa capacidade de comprensión e expresión, oral e escrita, fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións da contorna ou favorecer a normalización e integración dos alumnos con capacidades diversas, propiciando a participación igualitaria nas actividades de fomento da lectura...

Así, as actividades propostas polo Proxecto Lector contribúen, xunto coas propostas polos distintos departamentos das linguas, á consecución dos obxectivos como xa quedou expresado:

Aínda que a meirande parte dos alumnos do IES Puga Ramón son galegos e non amosan dificultades para a comprensión das dúas linguas cooficiais na comunidade, por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica, oídas as opinións dos compoñentes dos diferentes departamentos, acordaron elaborar un protocolo a seguir para o caso de que un fose matriculado no instituto un alumno que non falase nin comprendese o galego ou o castelán ou ambas as dúas linguas.

6.2 Plan de fomento do uso do galego

Segundo se recolle no apartado d) do Artigo 14º do Decreto que estamos tomando como referencia, este Proxecto Lingüístico tamén reflectirá “*os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega*”.

O Equipo de dinamización do IES Puga Ramón propón os obxectivos xerais que relatamos a continuación:

- Fomentar o interese polo coñecemento e emprego da lingua galega como ferramenta necesaria de comunicación.
- Ofrecer a colaboración dos seus compoñentes aos diferentes departamentos. Intentar que o Equipo de dinamización funcione como unha canle de intercambio de informacións, materiais, experiencias e coñecementos relacionados coa cultura galega.
- Traballar en prol da eliminación dos prexuízos sobre a lingua e a cultura galegas.
- Facerse eco das actividades que se leven a cabo fóra do centro e que estean relacionadas coa cultura galega.
- Organizar actividades que motiven o alumnado a aprender, usar e estimar a lingua galega, procurando que atopen nelas un xeito de divertimento.
- Organizar exposicións relacionadas coa cultura galega.
- Realizar traballos de recollida de datos: refráns, contos, alcumes, etc.
- Colaborar co grupo de teatro do centro, para representar obras en galego.
- Promover actividades que se ofrezan desde o contorno, desde a Administración, sempre que favorezan o proceso normalizador.
- Difundir os xogos populares e tradicionais galegos mostra de respecto e valoración dos nosos maiores.

7. Plan de acollida ao alumnado inmigrante

O Departamento de Orientación, no seu Plano de Acollida de Alumnado Inmigrante, recolle no referente ao aspecto lingüístico, que, no caso dos alumnos inmigrantes matriculados no centro “ realizaríase unha proba de valoración da competencia curricular e lingüística. No caso de que non saiban as dúas linguas, buscaranse áreas onde estas non sexan precisas para determinar o seu nivel de coñecemento.

ANEXOS

ANEXO I

Diagnóstico para a definición no contorno sociolingüístico no centro.

Cuestionario IV. Marcar cun X.

* Emprego do galego nas interaccións co alumnado, coas familias e con outras institucións.

1. Ningún.
2. Pouco.
3. Moderado.
4. Amplo.
5. Pleno.

* Emprego do galego nas interaccións co alumnado en contextos informais.

1. Ningún.
2. Pouco.
3. Moderado.
4. Amplo.
5. Pleno.

* Emprego do galego por parte do persoal non docente do centro.

1. Ningún.
2. Pouco.
3. Moderado.
4. Amplo.

5. Pleno.

* Emprego da lingua galega por parte da ANPA.

1. Nunca.

2. Pouco.

3. Moderado.

4. Amplo.

5. Pleno.

* Presencia da lingua galega no rotulado do centro, na documentación administrativa, nas notas informativas, nos taboleiros, etc.

1. Ningunha.

2. Pouca.

3. Moderada.

4. Ampla.

5. Plena.

* Visibilidade das acción do equipo de dinamización da lingua galega.

1. Ningunha.

2. Pouca.

3. Moderada.

4. Ampla.

5. Moita.

* Dotación de fondos en galego na biblioteca.

1. Moi deficiente.

2. Deficiente.

3. Aceptable.

4. Boa.

5. Moi boa.

ANEXO II

MEDIDAS DE REFORZO NAS ÁREAS LINGÜÍSTICAS PARA O CURSO 2015-2016

1. Para alumnos pendentes de :
 - Lingua Castelá: catro horas á semana
 - Inglés: 3 horas á semana

2. Desdobres de Lingua Castelá, Lingua Galega e Lingua Estranxeira:
 - 1º ESO : 2 profesores por cada grupo
 - 2º ESO: 2 profesores por cada grupo

3. Reforzo da Sección Bilingüe
 - 1 hora para cada grupo de xeito semanal

4. Apoio
 - Alumnos con exención de Francés en 1º e 2º ESO.

5. AI (Atención Individualizada)
 - Para alumnos de 1º, 2º e 3º ESO.

6. POI (Práctica Oral de Inglés)
 - 1 hora semanal para 3º e 4º da ESO e en Bacharelato.

7. POF (Práctica Oral de Francés)
 - 1 hora semanal en 1º e 2º ESO.

ANEXO III

PLANO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

1- INTRODUCCIÓN

2- ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

3- OBXECTIVOS XERAIS

4- CONTRIBUCIÓN AO PLANO LECTOR

5- CONTRIBUCIÓN AO PLANO TIC

6- CONTRIBUCIÓN AO PLANO DE CONVIVENCIA

1- INTRODUCCIÓN

O IES "Rafael Puga Ramón" é un centro público situado no centro urbano da cidade da Coruña, que atende as necesidades educativas de aproximadamente 400 alumn@s, tanto da zona como de concellos próximos. O alumnado é de clase media. Non hai problemas de disciplina nas aulas, e o estado de todas as instalacións é impecable.

O centro dispón dunha ampla biblioteca, aula de informática equipada con cerca de 20 ordenadores e aula de audiovisuais. A maioría das aulas teñen televisor, vídeo e reprodutor de DVD.

2- ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

A lingua maioritaria do noso centro no plano oral é o castelán, aínda que no plano escrito imponse claramente o galego. :

A maioría do alumnado adoita expresarse en castelán tanto dentro coma fóra das aulas, tan só unha pequena parte utiliza a lingua galega como lingua de relación cos seus compañeir@s e profesores.

A situación entre o profesorado é similar, é dicir, a maioría son castelán falantes nas súas relación fóra da aula, se ben aceptan utilizar o galego dentro das aulas cando as súas materias deban ser impartidas nesta lingua.

No que se refire ao persoal non docente, a situación é practicamente a mesma, é dicir a inmensa maioría adoita empregar o castelán para comunicarse.

En canto ao ámbito administrativo, cabe salientar a total presenza da lingua galega en convocatorias, circulares, certificados, boletíns de notas e outros documentos administrativos.

Ante esta realidade, pensamos que temos que artellar os medios necesarios para incrementar o emprego da lingua galega, sobre todo no aspecto oral.

Pensamos que a colaboración do noso equipo co resto dos departamentos didácticos é fundamental para a acadar os nosos obxectivos por varias razóns:

- A financiación compartida de actividades dado o baixo presuposto co que contamos.
- Conseguir axuda para a divulgación e realización das actividades que poidamos poñer en marcha.

- A colaboración con aqueles departamentos que deben dar as materias en castelán parécenos importante xa que implicaría o uso da lingua galega.

3- OBXECTIVOS XERAIS

A lingua e a cultura galegas existen grazas ao esforzo colectivo das sucesivas xeracións que as mantiveron. Este tesouro non se conservará se non facemos todo o posible por coidalo e divulgalo.

A normalidade no uso oral e escrito da lingua galega, así como a súa dignificación non se recuperarán sen o apoio e control das administracións públicas e tampouco sen o compromiso persoal de cada un de nós.

O noso equipo é consciente da necesidade de investir recursos e aglutinar esforzos que sirvan efectivamente para conseguir que, no futuro, Galicia e os galegos sigan vivindo na lingua propia, conscientes, orgullosos e responsables do valiosísimo patrimonio do que son depositarios.

- Intentar que o noso equipo funcione como unha canle de intercambio de informacións, materiais, experiencias e coñecementos relacionados coa cultura galega.
- Ofrecer a colaboración do E. D. L. e animar aos diferentes departamentos a que efectúen os seus proxectos didácticos en galego, así como calquera outro documento oficial, sendo axentes normalizadores.
- Mostrar dispoñibilidade para axudar a traducir e para corrixir calquera documento, comunicación, etc. que se produza no ámbito docente ou administrativo.
- Traballar a prol da eliminación dos prexuizados entre todos os colectivos que conviven no centro.
- Facerse eco das actividades que se leven a cabo fóra do centro e que estean relacionadas coa cultura galega.
- Fomentar o interese polo coñecemento e o emprego da lingua galega como ferramenta necesaria de comunicación.
- Cultivar o interese pola literatura, música, cultura e actualidade galegas.
- Organizar actividades que motiven o alumnado a aprender, usar e estimar a lingua vernácula, procurando que atopen nelas un xeito de divertimento.

- Potenciar o traballo en equipo, favorecendo as relacións interpersonais e as actitudes de cooperación entre o alumnado.

4- CONTRIBUCIÓN AO PLANO LECTOR

A lectura é unha ferramenta indispensable para aprender a expresarnos, xa que axuda a desenvolver e perfeccionar a linguaxe, aumentar o vocabulario e mellorar a ortografía.

Grazas á lectura a bagaxe cultural aumenta, xa que os textos proporcionan información e coñecementos. Tamén serve para desenvolver a capacidade de xuízo e análise.

Co obxectivo de contribuír ao Proxecto lector de centro (determinado no Anexo V do Decreto 133/2007 de 5 de xullo), o departamento de Dinamización Lingüística establece os seguintes obxectivos:

- Contribuír a consolidar hábitos de lectura nos estudantes.
- Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.
- Promover no alumnado a capacidade de expresarse sobre diferentes temas con claridade e coherencia.
- Fomentar no alumnado, a través de la lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do entorno.
- Lograr que o alumnado descubra a lectura como unha forma de disfrute persoal.
- Promover entre os alumnos o uso cotiá da biblioteca.
- Fomento de actividades que favorezan unha maior competencia lectora e literaria e un mellor desenvolvemento do hábito lector.

5- CONTRIBUCIÓN AO PLANO TIC

Aprender a utilizar racionalmente as novas tecnoloxías resulta fundamental nunha sociedade que está en continua evolución tecnolóxica. Contamos coa enorme vantaxe de que un dos membros do noso equipo é profesor de Informática e gran coñecedor dos temas relacionados coas novas tecnoloxías.

O noso proxecto establece os seguintes obxectivos para colaborar co plan TIC do centro:

- Promover o uso adecuado, ético e solidario das TIC, incorporándoas ás actividades

que deseñemos.

- Transmitir ao alumnado a idea de que a lingua e a cultura galegas teñen acceso a soportes tecnolóxicos vixentes no mundo actual de xeito que vexa na nosa lingua un instrumento válido de comunicación á altura dos tempos.
- Converter os diferentes medios tecnolóxicos nun instrumento de difusión da lingua e da cultura galegas.
- Facer das ferramentas tecnolóxicas e informáticas instrumentos de referencia coas finalidades de impartir coñecementos e asignar á lingua galega prestixio valorativo.
- Potenciar o traballo en equipo, favorecendo as relacións interpersonais e as actitudes de cooperación entre o alumnado.
- Uso de Internet como fonte de información en relación cos diferentes temas do departamento.
- Uso de ferramentas informáticas para elaborar actividades de xeito que contribúan á difusión da lingua e cultura galegas.

6- CONTRIBUCIÓN AO PLANO DE CONVIVENCIA

A maioría das nosas actividades están pensadas para ser realizadas en grupo, o que vén a fomentar a interacción entre os distintos membros da nosa comunidade educativa e a aceptación das diferentes realidades culturais que nos rodean.

O plan de convivencia do noso centro está en proceso de elaboración. Iremos aportando as nosas contribucións a medida que o plan se vaia desenvolvendo.